

## Dereitos do traballador policía local.

**A**valiación de riscos e planificación de medidas preventivas. O empresario deberá desenvolver e documentar estas actividades para protexer a seguridade e a saúde do traballador.

**R**epresentación de persoal. Os traballadores teñen dereito a participar en materia de prevención dos riscos a través dos Delegados de Prevención e dos Comités de Seguridade e Saúde.

**F**ormación e información. Os traballadores teñen dereito a ser formados e informados sobre os riscos presentes no seu traballo e das medidas preventivas e de protección (documentación, cursos, charlas).

**R**isco grave e inminente. Ante este tipo de risco o traballador ten dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo, excepto, en caso de intervención policial.

**V**ixilancia da saúde. Todos os traballadores teñen dereito a que se vixile regularmente o seu estado de saúde. Esta vixilancia será voluntaria para o traballador salvo algunhas excepcións legais.

**E**mbarazadas e traballadores especialmente sensibles a determinados riscos. Teñen dereito a unha adaptación dos seus postos de traballo ou a que se adopten medidas especiais en función da súa situación.

**E**quipamento persoal e equipos de traballo. O traballador ten dereito a recibir un equipamento persoal adecuado ao seu traballo e á súa morfoloxía, así como, a utilizar aqueles equipos de traballo que reúnan unhas condicións ergonómicas e de seguridade adecuadas.

**I**nstalacións de hixiene e benestar. As instalacións de vestiario, aseo e afíns deberán presentar unhas condicións mínimas de espazo, hixiene e temperatura adecuadas.



[www.fspugt.es](http://www.fspugt.es)

### Teléfonos e enderezos de contacto:

#### Secretaría de Saúde Laboral

Comisión Executiva Confederal  
C/ Hortaleza, 88 28004 Madrid  
Tfno: 915890893  
Fax: 915890953

#### Secretaría de Administración Local e Autónoma e SS.CC.

Avenida de América, 25 3º andar  
28002 Madrid  
Tfno: 915897240  
Fax: 915897236

#### Secretaría de Saúde Laboral e Medio Ambiente

Avenida de América, 25 3º andar  
28002 Madrid  
Tfno: 915897232  
Fax: 915897236

## Seguridade e saúde en POLICIA LOCAL

Ti tamén tes dereito a  
protección

## SEGURIDADE E ERGONOMÍA



Con la Financiación de:



mano a  
mano  
Por tu salud y seguridad



# SITUACIÓN LEGAL NA POLICÍA LOCAL

O policía local é un traballador cuxa saúde debe ser protexida, tendo en conta as peculiaridades das súas funcións. Por tanto, excepto nas intervencións cuxa propia natureza o impida, ten os **mesmos dereitos que calquera outro traballador** a desfrutar dunhas condicións adecuadas de seguridade e saúde. Estas, fan referencia ao lugar de traballo no que ten o seu posto, vehículos e equipos que utiliza, etc.

## Dentro da Lei de Prevención

Parte das actividades que realiza o policía, están contempladas pola normativa xeral de prevención de riscos laborais; neste ámbito, o policía local é considerado como calquera traballador convencional e neste sentido ten dereito a que se garanta a súa seguridade e saúde.

## Fóra da Lei de Prevención

Outras actividades que realiza non se atopan amparadas pola normativa xeral de PRL; trátase fundamentalmente de intervencións para garantir a seguridade cidadá que pola súa natureza poden ser perigosas.

# RISCOS.

## *Seguridade*

- Accidentes de tráfico.
- Atropelos.
- Caídas, golpes, torceduras.
- Agresións físicas.
- Imposibilidade de comunicación.

## *Ergonomía*

- Equipamiento persoal incómodo.
- Equipos de traballo inadecuados: pantallas de visualización de datos, mobiliario do posto.
- Adaptación inadecuado de vehículos.
- Carga física de traballo.
- Lesións por movementos repetitivos.
- Posturas incorrectas no lugar de traballo e no vehículo.
- Temperatura e humidade extremas no lugar de traballo ou na rúa.

# MEDIDAS PREVENTIVAS.

## *Seguridade*

Mantemento mecánico adecuado dos vehículos.

Conductor con uniforme e equipamento persoal cómodos que non entorpezan a conducción.

Os aparellos instalados no vehículo non deben entorpecer a visibilidade necesaria do exterior. Espazo suficiente no posto do condutor.

Para dirixir o tráfico ou calquera outra intervención na calzada pública o policía debe estar equipado con roupa de alta visibilidade e elementos luminosos en actividades nocturnas.

O calzado deberá ser antideslizante.

Disposición permanente dun medio de comunicación coa centralita para calquera emerxencia, mediante a emisora ou medio alternativo.

## *Ergonomía*

Uniforme e equipamento persoal adaptados ás dimensións corporais individuais.

Deseño adecuado de equipos e espazos no lugar de traballo e nos vehículos.

En traballos fatigosos débense programar as pausas necesarias.

En traballos con movementos repetitivos realízanse exercicios de estiramento antes durante o traballo.

As condicións de temperatura e humidade no lugar de traballo estarán controladas dentro dun rango acoutado segundo a normativa legal.

Roupa de traballo adecuada ao frío ou á calor para as actividades á intemperie.

## Derechos do traballador policía local.

- **Avaliación de riscos e planificación de medidas preventivas.** O empresario deberá desenvolver e documentar estas actividades para protexer a seguridade e a saúde do traballador.
- **Representación de persoal.** Os traballadores teñen dereito a participar en materia de prevención dos riscos a través dos Delegados de Prevención e dos Comités de Seguridade e Saúde.
- **Formación e información.** Os traballadores teñen dereito a ser formados e informados sobre os riscos presentes no seu traballo e das medidas preventivas e de protección (documentación, cursos, charlas).
- **Risco grave e inminente.** Ante este tipo de risco o traballador ten dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo, excepto, en caso de intervención policial.
- **Vixilancia da saúde.** Todos os traballadores teñen dereito a que se vixile regularmente o seu estado de saúde. Esta vixilancia será voluntaria para o traballador salvo nalgunhas excepcións legais.
- **Embarazadas e traballadores especialmente sensibles a determinados riscos.** Teñen dereito a unha adaptación dos seus postos de traballo ou a que se adopten medidas especiais en función da súa situación.
- **Equipamento persoal e equipos de traballo.** O traballador ten dereito a recibir un equipamento persoal adecuado ao seu traballo e á súa morfoloxía, así como, a utilizar aqueles equipos de traballo que reúnan unhas condicións ergonómicas e de seguridade adecuadas.
- **Instalacións de hixiene e benestar.** As instalacións de vestiario, aseo e afíns deberán presentar unhas condicións mínimas de espazo, hixiene e temperatura adecuadas.



[www.fspugt.es](http://www.fspugt.es)

## Teléfonos e enderezos de contacto:

### Secretaría de Saúde Laboral

Comisión Executiva Confederal  
C/ Hortaleza, 88 28004 Madrid  
Tfno: 915890893  
Fax: 915890953

### Secretaría de Administración Local e Autonómica e SS.CC.

Avenida de América, 25 3º andar  
28002 Madrid  
Tfno: 915897240  
Fax: 915897236

### Secretaría de Saúde Laboral e Medio Ambiente

Avenida de América, 25 3º andar  
28002 Madrid  
Tfno: 915897232  
Fax: 915897236

## Seguridade e saúde en POLICÍA LOCAL

Ti tamén tes dereito a  
protección.  
**HIXIENE E  
PSICOSOCIOLOXÍA**



Con la Financiación de:

 **FUNDACIÓN  
PARA LA  
PREVENCIÓN  
DE RIESGOS  
LABORALES**



**mano a  
mano**  
Por tu salud y seguridad



## SITUACIÓN LEGAL NA POLICÍA LOCAL

O policía local é un trabador cuxa saúde debe ser protexida, tendo en conta as peculiaridades das súas funcións. Por tanto, excepto nas intervencións cuxa propia natureza o impida, ten os **mesmos dereitos que calquera outro traballador** a desfrutar dunhas condicións adecuadas de seguridade e saúde. Estas, fan referencia ao lugar de traballo no que ten o seu posto, vehículos e equipos que utiliza, etc.

### Dentro da Lei de Prevención

Parte das actividades que realiza o policía, están contempladas pola normativa xeral de prevención de riscos laborais; neste ámbito, o policía local é considerado como calquera traballador convencional e neste sentido ten dereito a que se garanta a súa seguridade e saúde.

### Fóra da Lei de Prevención

Outras actividades que realiza non se atopan amparadas pola normativa xeral de PRL; trátase fundamentalmente de intervencións para garantir a seguridade cidadá que pola súa natureza poden ser perigosas.

## RISCOS.

### Hixiene

- Contaxio biolóxico por pinchazos o cortes.
- Infeccións por mordeduras.
- Exposición a ruído.
- Exposición a entornos insalubres.

### Factores psicosociais

**A exposición a estes factores pode provocar estrés e se este se prolonga no tempo, burnout. O estrés pode inducir á enfermidade física e mental (depresión, ansiedade ...), ao absentismo e incluso á incapacidade temporal.**

### Estresores relativos á organización do traballo:

- Conflito e ambigüidade de rol.
- Xornada de traballo e tempos de descanso.
- Promoción no traballo.
- Falta de claridade das ordes.
- Traballo a quendas e nocturno.
- Imaxe social do policía.
- Relacións interpersoais.
- Violencia no traballo.
- Acoso moral, sexual e discriminatorio en razón de sexo.

### Estresores do ambiente físico:

- Ruído, vibracións, iluminación, temperatura, espazo físico.

### Estresores da tarefa:

- Inadecuada carga mental.
- Falta de control sobre a tarefa.

## MEDIDAS PREVENTIVAS

### Hixiene

- Os vehículos deben estar dotados de botiquín de emerxencia.
- Para a manipulación de obxectos cortantes ou punzantes utilizaranse luvas.
- Vacinación e medicación específicas.
- En entornos ruidosos ou insalubres realízanse as medicións que garantan a saúde do policía. Se fora necesario tomaranse as medidas oportunas, como a redución do tempo de exposición.

### Psicosociais

- O policía ten dereito a un descanso adecuado durante a xornada laboral e entre xornadas sucesivas.
- As ordes que recibe o policía deben ser claras e precisas para poder realizar a tarefa encomendada sen conflitos de competencias ou de rol.
- Ante unha situación de acoso laboral o policía ten dereito a denunciála; desde o sindicato proporcionamos o asesoramento necesario.
- O policía ten dereito a participar directamente ou a través dos seus representantes na organización do traballo no relativo á súa seguridade e saúde, especialmente en materia de distribución das quendas, elección de equipamento persoal e de traballo, mellora das relacións sociais, etc.